

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 14 DE XULLO DE 2008

LICENZAS

FAVORABLES.-

2162/07.- José Constenla Gestoso.- Viv. unif. en Camiño dos Vilares.-

PARCELACIÓN.-

1122/08.- Promociones y Gestiones del Tambre, S.L.- Parcelas 117, 118, 119 e 120 do Sector 1ª do SUNP-37 de Costa Vella (+).-

1123/08.- Carmen López Mosquera.- Parcela 2.633 de concentración de Sabugueira-Carballal (+)

1116/08.- Eugenio González Mosquera.- Parcela 407-1, de concentración de Cesar-Barciela (+).

CAMBIO DE TITULARIDADE.-

1528/08.- Carmen Varela Castro.- licenza concedida a D. Antonio Soneira Martínez de construción de nave industrial, cambio de titularidade a prol de Carmen Varela Castro.-

AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA EN SOLO RÚSTICO, PREVIA Á CONCESIÓN DE LICENZA.-

634/08.- Víctor M. Domínguez Maza.- Construcción de galpón en Torrebranca, 28, Aríns (+).-

CORRECCIÓN ERRO ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 23 DE XUÑO DE 2008

240/08.- Manuel Ferreiro Paderne.- Viv. unif. en Lugar de Cubela, Cortos, parcela 1280 de concentración de Nemenzo-Marantes

OCIHR

LICENZAS

LIC/565/2008.- DON EDUARDO OTERO IGLESIAS.-Derruba de edificación de planta baixa e semisoto na Rúa Pexigo de Abaixo nº 16 e 17.

LIC/316/2007.- PROMOCIONES FERNÁNDEZ TABOADA S.L.Rehabilitación de edificio de pranta baixa para uso comercial, dúas plantas altas e baixo cuberta para tres vivendas na Rúa Fonde de Santo Antonio nº8.

LIC/1876/2007.- EMUVISSA.-Rehabilitación de vivenda na Rúa do Medio nº65.

LIC/463/2008.- GUTIÉRREZ DE TERÁN CASTAÑÓN IVÁN S.L.N.E.Reforma y ampliación de edificio para catro vivendas na Rúa Pexigo de Abaixo nº18.

5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social. Apróbanse axudas por importe de 5.345 euros.

6.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á corrección de erro no acordo número 47 da sesión da Xunta de Goberno Local de data 16 de xuño de 2008. Corríxese o devandito erro.

7.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible relativa á solicitude de subvención para o proxecto de sinalización interpretativa do LIC do río Tambre. Acórdase que o Concello solicite da Consellaría de Medio Ambiente a concesión dunha subvención de 10.000 euros (83% do custo total) para o proxecto de sinalización interpretativa do LIC do río Tambre, cuxo orzamento ascende a 12.050 euros.

8.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ás anualidades correspondentes ao prazo de duración do contrato de prestación do servizo de limpeza, conservación e control das instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria dependentes do Concello. Dáse conta das seguintes anualidades:

- 2008 (desde 1 de xuño): 593.131 euros
- 2009: 1.016.796 euros
- 2010 (ata 31 de maio): 423.665 euros

9.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa ao XXX Torneo da Chave do Apóstolo.

Acórdase encomendar o evento, que se celebrará os días 22, 23 e 26 de xullo, á Asociación de Xogadores de Chave de Santiago polo prezo de 4.000 euros.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Obras e Infraestruturas relativa ao abono da certificación única, xuros e anatocismo para rematar de executar a sentenza recaída sobre a certificación única correspondente ás obras de execución de pavimentación e acceso ao centro sociocultural de Fontiñas pola empresa CORSÁN-CORVIAM.

Acórdase aboar á empresa CORSAM-CORVIAM as seguintes cantidades:

- 45.657,98 euros correspondentes á certificación única emitida pola empresa pola realización das obras correspondentes á execución de pavimentación e acceso ao centro sociocultural de Fontiñas.
- en concepto de intereses a citada certificación, a cantidade de 6.465 euros.
- en concepto de anatocismo, a cantidade de 4.392,58.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Sanidade relativa ao convenio de colaboración entre o Concello e a Fundación refuxio de animais.

Subscríbese un novo convenio polo que o Concello achega 170.000 euros á Fundación. A duración do mesmo é ata o 31 de decembro de 2008, prorrogable por un ano.

12.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aceptación da axuda concedida ao Concello para o estudo e restauración dun tramo de lenzo da muralla medieval.

Acórdase aceptar unha axuda de 80.000 euros, concedida pola Dirección Xeral de Belas Artes e Bens Culturais para o estudo e restauración dun tramo de lenzo da muralla medieval.

13.- Proposta de modificación da provisión dun músico Oboe.

Apróbbase a contratación laboral na modalidade eventual por circunstancias da produción dun músico instrumentista na especialidade de oboe.

14.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á contratación de dous traballadores sociais para o departamento.

Apróbbase a contratación de dous traballadores sociais para Benestar Social e Muller por un período de tres meses.

15.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á aceptación de subvención do Ministerio de Administracións Públicas para o equipamento da Casa das Asociacións dos Servizos Sociais.

Acórdase a aceptación da subvención do Ministerio de Administracións Públicas que lle asigna ao Concello a cantidade de 57.442 euros para a equipación da Casa das Asociacións de Servizos Sociais

16.- Adjudicación definitiva das obras de adecuación das instalacións da Sala de equipos de comunicacións e servidores no Pazo de Raxoi.

Elévase a definitiva a adjudicación provisional do devandito contrato coa empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, SL., por importe de 103.200 euros.

17.- Adjudicación do Servizo de Conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca desde o 19 de xullo ata o 18 de setembro de 2008.

Adjudicase o servizo á empresa FUNERARIA TANATORIO APÓSTOL SANTIAGO, SL, por un importe de 18.000 euros.

18.- Aprobación do proxecto do Regulamento da Casa das Asociacións de Santiago de Compostela.

Apróbase o regulamento.

19.- Rectificación de erro no proxecto de compensación do SUNP-20. Amanecida.

Corríxese o erro aritmético contido no proxecto de compensación do SUNP-20, substituíndo a porcentaxe errónea adjudicada a CONSTRUCCIONES RUAFER, SA de 94,45% a 95,55%, porcentaxe correcta.

20.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución do recurso de reposición interposto contra a aprobación definitiva dos estatutos da entidade de conservación do polígono do solo urbanizable non programado número 27 (SUNP-27) de Piñeiro.

Rexéitase o recurso de reposición interposto.

21.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á toma de coñecemento do sistema de xestión e financiamento da rede temática "SUITE" pertencente ao programa comunitario URBACT II, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Tómase coñecemento do sistema de xestión e financiamento da rede temática SUITE, segundo o seguinte cadro:

Fontes	Xefe de Fila Concello de Santiago de Compostela	Socio 1 Stadt Hamburg	Socio 2 Medway Council	Socio 3 Nantes Métropole	Socio 4 Siemianowice Slaskie	Total
FEDER	20.000,00	8.750,00	8.750,00	8.750,00	10.000,00	56.250,00
Cofinanciamento público (socios UE)	5.000,00	3.750,00	3.750,00	3.750,00	2.500,00	18.750,00
- Estatal						0,00
- Regional						0,00
- Local	5.000,00	3.750,00	3.750,00	3.750,00	2.500,00	18.750,00

- Outros						0,00
Sub-total 1	25.000,00	12.500,00	12.500,00	12.500,00	12.500,00	75.000,00

22.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á solicitude dunha subvención á Consellería de Traballo.

Acórdase solicitar á Consellaría de Traballo unha subvención para a contratación no exercicio 2008 de 50 traballadores.

23 a 56.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles e no imposto do lixo.

Concéndense os devanditos beneficios.

57.- Dar conta pola concelleira delegada de Medio Ambiente de escrito do Ministerio de Facenda relativo a proxectos do Programa Operativo Local 2000-2006.

Dáse conta dunha subvención concedida polo Ministerio de Facenda por importe de 126.212 euros (70% do total) para o financiamento do proxecto "rexeneración do Monte de Dios", cun orzamento de 180.303 euros. Actuacións a realizar: eliminación de escombros, desbroce de vexetación, conformación de mirador, creación de zona de usos polivalente e integración de depósito de auga no entorno.

URXENCIAS

1.- Apróbase, a proposta da concelleira de Mobilidade, a delimitación de velocidades nalgunhas rúas da cidade.